

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 16 DE XUÑO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.ª Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día dezaseis de xuño do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 8 DE XUÑO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 8 de xuño de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a, votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 8 de xuño de 2020.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, da Xefatura do Estado, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. BOE núm. 163 do 10-06-2020.
- Resolución do 10 de xuño de 2020, das Cortes Xerais -Congreso dos Deputados- pola que se ordena a publicación do Acordo de validación do Real Decreto-lei 19/2020, de 26 de maio, polo que se adoptan medidas complementarias en materia agraria, científica, económica, de emprego e Seguridade Social e tributarias para paliar os efectos do COVID-19. BOE núm. 165 do 12-06-2020.

- Orde do 10 de xuño de 2020, da Consellería de Política Social, pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2020. DOG núm. 113 do 11-06-2020.
- Extracto da Resolución do 28 de maio de 2020, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se aproban as bases xerais de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, a festivais de artes escénicas e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT213A). DOG núm. 113 do 11-06-2020.
- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Consellería de Sanidade -Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade- pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. DOG núm. 115 do 13-06-2020.
- Resolución do 1 de xuño de 2020, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza – Secretaría Xeral da Igualdade- pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento SI461A). DOG núm. 116 do 15-06-2020.
- Resolución do 25 de maio de 2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se aproba a actualización do Plan básico autonómico de Galicia. DOG núm. 116 do 15-06-2020.
- Resolución do 8 de xuño de 2020, da Consellería de Política Social -Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pola que se publican os requirimentos de emenda da documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2020 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento BS320A). DOG núm. 117 do 16-06-2020.
- Anuncio do 1 de xuño de 2020, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Servizo Territorial da Zona Galicia Norte -Servizo Territorial de Augas de Galicia- de información pública relativa á autorización a J.A.F.H de obras no polígono 16 en Laxe. Expte DH. W15.67807. BOP núm. 83 do 09-06-2020.
- Anuncio do 8 de xuño de 2020, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes- relativo á resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO-206: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2020. BOP núm. 84 do 10-06-2020.
- Anuncio do 4 de xuño de 2020, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Servizo Territorial da Zona Galicia Norte -Servizo Territorial de Augas de Galicia- de información pública relativa á autorización a Deputación Provincial da Coruña de obras no lugar de Orro. Expte DH. W15.69920. BOP núm. 86 do 12-06-2020.

- Anuncio do 10 de xuño de 2020, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia. Servizo Territorial da Zona Galicia Norte -Servizo Territorial de Augas de Galicia- de información pública relativa á autorización a Profergo, SL de obras no lugar de Pé de Alvedro. Expte DH. W15.71152. BOP núm. 88 do 16-06-2020.

2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Concellería delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución núm. 683/2020 de data do 05/06/2020, pola que se ordena á J. A. G. N., como propietario, a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A01500128, da limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 684/2020 de data do 05/06/2020, pola que se ordena á AGROPECUARIA ALAMO VIEJO, SL, como propietario, a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A01500140, da limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 686/2020 de data do 05/06/2020, pola que se inicia o expediente para a execución subsidiaria para a limpeza e roza dos terreos situados na referencia catastral 15031A05700102, necesarios para cumprir as condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 687/2020 de data do 05/06/2020, pola que se ordena á M. P. R., como propietario, a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A02200181, da limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 688/2020 de data do 05/06/2020, pola que se ordena á EPAAT, SL, como propietario, a realización nos terreos coa referencia catastral 0167215NH5906N, da limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 689/2020 de data do 05/06/2020, pola que se ordena á M. del C. F. D., como propietaria, a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A01400116, da limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 690/2020 de data do 05/06/2020, pola que se ordena á M. del P. M. B., como propietaria, a realización nos terreos coa referencia catastral 15031A01200434, da limpeza e roza necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución núm. 694/2020 de data do 08/06/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para o retranqueo da liña de baixa tensión subterránea na parcela coa referencia catastral 0413411NH5901S0001GU, situada no lugar dos Condes – Sueiro.
- Resolución núm. 695/2020 de data do 08/06/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización do subministro de enerxía eléctrica de baixa tensión para a vivenda unifamiliar situada en Souto – Orro, coa referencia catastral 15301A032002850000OT.
- Resolución núm. 696/2020 de data do 08/06/2020, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para o

3 de 9

subministro de enerxía eléctrica nuna vivenda situada na R/. Rafael Dieste – Almeiras, coa referencia catastral 1253423NH5915S.”

2.2.2.- A sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Concellería de Política Social, Mocidade e Promoción do Deporte:

“

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **16 06 20** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellaría :

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
02/03/20	340	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar concedéndolle un prazo de tres meses para o reinicio do mesmo, tras o cal declarárase concluído o procedemento.	****995**	
04/03/2020	360	Conceder o Xantar na Casa para os e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Servizo de Teleasistencia domiciliar e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	****278**	7 días da semana
04/03/20	361	Conceder o Servizo de Teleasistencia Domiciliar.	****843**	
04/03/20	365	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar	****722**	10 horas á semana (agás festivos)
04/03/20	366	Dar de baixa de oficio no servizo municipal de axuda a domicilio.	****988**	
11/03/20	397	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concurrencia ao causar alta a través do sistema de	****448** ****916**	

C.I.F. P-1503100-H

		dependencia o 01/12/2019 e 01/03/2020 respectivamente., cunha prestación de 20 horas mensuais para cada un.		
17/03/20	414	Conceder o Xantar na Casa	****288**	Sete días da semana
17/03/20	416	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar	****292**	10 horas á semana (agás festivos)
17/03/20	417	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar	****427**	10 horas á semana (agás festivos)
17/03/20	419	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar	****228**	3 horas á semana (agás festivos)
17/03/20	421	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluído o procedemento.	****228**	
08/04/20	455	Conceder o servizo de Xantar na Casa	****809**	7 días da semana
04/05/20	532	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio	****561**	2 horas á semana (agás festivos)

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
07/04/2020	452	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	****082**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2019. Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 01 de outubro de 2019 ao 13 de febreiro de 2020. Pago do recibo de comunidade correspondente ao ano 2020.	54,40€ 46,75€ 150€
08/04/2020	457	Denegar unha axuda económica.	***80**		
08/04/2020	458	Denegar unha axuda	****414**		

C.I.F. P-1503100-H

		económica			
08/04/2020	460	Conceder unha axuda económica	****780**	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2019. Pago dos recibos de auga, correspondente ao 1º, 2º, 3º trimestre de 2020. Pago dos recibos de gas, correspondente ao periodo de novembro de 2019 a outubro de 2020. Pago de dos recibos de comunidade, correspondente ao periodo de novembro de 2019 a outubro de 2020 53,74€/mes.	81,99€ 644,88€
08/04/2020	461	Conceder unha axuda económica	****535**	Para o pago do alugueiro, correspondente aos meses de marzo e abril 400€/mes, e maio 275€.	1075€
08/04/2020	464	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	****470**	Pago do recibo de luz, correspondente ao mes de xullo.	71,55€
08/04/2020	465	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	****728**	Pago do recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2019. Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2020 a 07 de febreiro de 2020.	56,65€ 10,55€
08/04/2020	467	Conceder unha axuda económica	****742**	Pago de fianza e aluguer	950€

***CLUB +65**

Data da	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria
---------	---------------	------	---------------------

resolución				
11/03/20	383/2020	Alta e obtención do carné CLUB+65	****439**	
11/03/20	393/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****371**	
11/03/20	396/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****240**	
11/03/20	398/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****685**	
11/03/20	399/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****454**	
11/03/20	401/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****663**	
11/03/20	403/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****240**	
11/03/20	404/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****371**	
11/03/20	405/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****428**	
11/03/20	406/2020	Alta e obtención do carné do CLUB+65	****764**	

C.I.F. P-1503100-H

2.2.3.- A sra. Iglesias Becerra dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións e comunicacións previas da Concellería de Urbanismo:

"RESOLUCIÓNS DO 01.06.2020.

Concedendo a E.R.P., licenza de primeira ocupación para unha vivienda unifamiliar situada na avda da Hermida, parroquia de Culleredo, e aprobando a devolución do aval depositado neste Concello por importe de 2.163,60 € e rexistrado co número de operación 200200022649. (exp. UAU/2015/501)

RESOLUCIÓNS DO 03.06.2020.

Concedendo a A. A. M.C. a prórroga da licenza municipal de obras, que se lles concedera por Resolución núm. 2075 de 05.12.2016 para a construción dunha vivenda unifamiliar, nunha parcela situada no lugar de Ledoño (ref: catastral: 7404525NH4970S) parroquia de Ledoño (exp. UAU/2015/357).

Concedendo a Comunidade de Propietarios Roi Xordo licenza municipal de obras para a instalación de carpinterías metálicas sobre tendais na fachada traseira do edificio situado na rúa Roi Xordo, parroquia de Rutis. (exp. UAU/2018/432).

Concedendo a Comunidad de Propietarios Xafonte 1, licenza municipal de obras para a impermeabilización da fachada do edificio situado na rúa Xafonte núm. 1, parroquia de Rutis (exp. UAU/2018/742)

Concedendo a Carpintería Metálica Aluman, S.L., licenza municipal de obras para illamento acústico da vivenda situada na avda. da Hermida, parroquia de Culleredo (exp. UAU/2019/187)

Concedendo a P.C.S. e. M^a. B.C.V. licenza municipal de obras para a construción unha vivenda unifamiliar e unha piscina na parcela coa referencia catastral: 15031A02500032000000, situada na Rúa Cillobre, da parroquia de Culleredo (exp. UAU/2019/217).

Concedendo a Comunidade Propietarios Sanjurjo Carricarte nº 3 licenza municipal de obras para a instalación dun ascensor, no edificio situado na rúa Sanjurjo de Carricarte, da parroquia de O Burgo. (exp. UAU/2019/244).

Concedendo a J.A.P.P. e I.R.L., licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral 15031A032004950000OU, situada no lugar de Souto, parroquia de Orro (exp. UAU/2019/408)

Concedendo a J.A.R.P., licenza municipal de obras para a substitución da cuberta e a creación de 20 rochos, nun edificio situado na rúa Ramón Cabanillas, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/410)

Concedendo a V. S.V., licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral 0112138NH5901S0001RU, situada no lugar do Casal, parroquia de Sueiro.(exp. UAU/2019/463).

Concedendo a M.R.N. licenza municipal de obras para adecuación de local en planta baixa para vivenda unifamiliar, na Rúa Eduardo Blanco Amor, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/508).

Concedendo a Arenas Malgo S.L., licenza municipal de obras para reconstrución dun muro existente na parcela coa referencia catastral 1957831NH5915N0001FW, situada no lugar da Marisqueira da parroquia de Almeiras (exp. UAU/2019/534)

Concedendo a J. M. F. R., licenza municipal de obras de adecuación interior para instalación dun ascensor e apertura de pensión de dúas estrelas, na avda da Coruña , parroquia de O Burgo, (exp. UAU/2019/610).

Concedendo a Neograf Alvedro, S.L., solicitou licenza municipal de obras para demolición dunha nave na parcela B2 do Parque Empresarial de Alvedro, parroquia de Almeiras, (exp. UAU/2020/103)

RESOLUCIÓNS DO 04.06.2020.

Concedendo a F.F.E, licenza municipal de obras para a construción dun garaxe na parcela coa referencia catastral 9913910NH4991S0001AI, situada no lugar do Casal, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2017/648).

Aceptando o desestimento que fixo A. F.V.C. da licenza que se lle concedeu para a implantación de cinco invernadoiros para actividade hortícola, na rúa As Barreiras, parcela 242 polígono 40, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2018/417).

Concedendo a Maderas Garcia de Presedo, S.L., licenza de primeira ocupación para unha nave situada na rúa James Watt num 18 , parroquia de Ledoño, e aprobando a devolución do aval depositado neste Concello por importe de 6.000 € e rexistrado co número de operación 320160000065 (exp. UAU/2018/630).

Concedendo a M. L. C. L., licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada na rúa Liñares (ref. Catastral 0439616NH5907S0001UJ), da parroquia de Culleredo e aprobar a devolución da fianza depositada neste Concello por importe de 6.750 € e rexistrado co número de operación 3201600000480.(exp. UAU/2019/4).

Concedendo a L.V.P., licenza municipal de obras para adecuación e cambio de uso de local comercial a vivenda na rúa Tierno Galván, parroquia de O Burgo. (exp. UAU/2019/44).

Concedendo a Trasdoval S.L. licenza de obras para a construción dunha nave na parcela coa referencia catastral 1140920NH5913S0001OX, situada na rúa San Fernando da parroquia de Culleredo (exp. UAU/2019/240).

Denegando a Larcoruña S.L., licenza municipal de obras para a construción de dúas vivendas unifamiliares na parcela coa referencia catastral: 0563940NH5906S, situada na parroquia de Rutis, por non dar fronte a viario público.(exp. UAU/2019/306)

Concedendo a J.L.L.V. e M.L.V., licenza municipal para a segregación da parcela coa referencia catastral 0017106NH4991N0001FM, situada na rúa Campo da Fonte, parroquia de Sésamo (exp. UAU/2019/337).

Concedendo a M.R.L. licenza para a segregación de 5 parcelas, que resultan das operacións particionais de dúas parcelas que figuran cunha única referencia catastral: 9817703NH4991N0001KM, situadas no lugar de Cornedo da parroquia de Sésamo, (exp. UAU/2019/350).

C.I.F. P-1503100-H

Concedendo a F.P.C., licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela coa referencia catastral 15031A047000800000OJ, situada no lugar de Ledoño da parroquia de Ledoño (exp. UAU/2019/354).

Concedendo a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., licencia municipal de obra para rede de baixa tensión soterrada, na rúa San Antón núm 11, da parroquia do Burgo. (exp. UAU/2019/495)

Concedendo a J. A.B.L. e B.B.C., licenza de primeira ocupación para a ampliación da vivenda situada no Lugar de Vilar, parroquia de Sueiro.(exp. UAU/2019/662).

Concedendo a H.G.D. e J.V.G. licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar na rúa Benito Viceto parroquia de Rutis e aprobando a devolución da fianza depositada neste Concello por importe de 1.200 € e rexistrado co número de operación 201200015032 (exp. UAU/2020/20).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de xuño de 2020, a comunicación previa presentada por P.M.B., para a reforma de cuarto de baño en vivenda situada en Pza. Daniel Rodríguez Castelao, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/273).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de xuño de 2020, a comunicación previa presentada por M.A.P.E., para o revestimento de fachada principal e impermeabilización patio de luces no edificio situado en Rúa Hersa, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/274).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de xuño de 2020, a comunicación previa presentada por FEDERACIÓN DE ENTIDADES INMOBILIARIAS S.A. (FEISA) para obras de xardinería e alumeado na pista polideportiva do colexio Montespino, situado na Rúa Montespino, 10, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/374).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 05 de xuño de 2020, a comunicación previa presentada por R.P.V. para a rehabilitación de fachada en vivenda unifamiliar situada en Rúa Niceto Alcalá Zamora, parroquia de Rutis, (exp. UAU/2019/397). "

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

C.I.F. P-1503100-H